

AUTORA

Fina Casalderrey

ILUSTRADOR

Miguel Pang Ly

TEMAS

Traballo en equipo.  
Resolución de conflitos.  
Solidariedade. Xustiza.  
Ecoloxía. Fantasía.  
Humor

COMPETENCIAS

STEM. Emprendedora.  
Cidadá. Persoal, social  
e de aprender a aprender

RELACIÓN  
CON OUTRAS ÁREAS

Ciencias da Natureza

N.º DE PÁXINAS: 80



# Cando a Terra esqueceu xirar

*A unión fai a forza*

## POR QUE LER ESTE LIBRO

Porque é unha fermosa metáfora sobre a solidariedade e a xustiza global. Porque subliña a importancia da cooperación na superación de dificultades. E tamén porque agocha unha mensaxe profundamente ecoloxista.

## RESUMO DO ARGUMENTO

Un día, a Terra esquece xirar e camiñar polo espazo. Como consecuencia, unha metade do planeta súmese decotío no día e outra metade, na noite. Por sorte, unha rapaza dá coa solución: que todos os habitantes do planeta se poñan de acordo para camiñar e así mover a Terra.

## PARA QUEN É ESTE LIBRO

Para lectores que aínda non se atreven a ler textos moi longos ou con letra pequena, xa que se trata dunha historia sinxela que poderán seguir sen dificultade.

## PROPOSTA DE ACTIVIDADES

### INDIVIDUAL

Despois da lectura do capítulo 3, pídelles aos alumnos que expoñan nunhas poucas liñas **cal é o problema** que se reflicte no libro. Logo, preguntalles polo que pensan que propondrá Luceiro. Que solución se lles ocorrería a eles?

### PARELLAS

Alenta a imaxinación dos teus alumnos e pídelles que elaboren unha lista coas **consecuencias** de que sempre sexa de día, incluíndo as que aparecen no libro e engadindo outras. Que pasaría se sempre fose de noite?


### GRUPO

Os problemas mundiais sempre parecen excedernos, pero, tal como amosa esta novela, todas as persoas podemos contribuir dalgún xeito ao cambio. Organiza os teus alumnos en pequenos grupos e propónlles que fagan unha **chuvia de ideas** de cousas que poderíamos facer para solventar algúns dos problemas do planeta. Un representante de cada grupo presentará as ideas ao resto da clase. Deseguido, invítaos a expresar a súa opinión sobre as iniciativas dos seus compañeiros, por quendas e de forma construtiva.

### CIENCIAS DA NATUREZA

Partindo dos coñecementos previos dos teus alumnos, invítaos a recopilar, por grupos, información dos **movimentos de rotación e traslación** da Terra.

- Un grupo fará unha breve exposición para explicar en que consisten os dous movementos.
- Outro creará un mural para a aula con debuxos.
- Por último, un grupo fará unha pequena dramatización de ambos os dous movementos.



## TALLER DE ESCRITURA

Anima os teus alumnos a escribir un pequeno **texto argumentativo** no que expliquen en que metade da Terra sería mellor vivir e que vantaxes e inconvenientes tería a súa elección.